

BREVE RESEÑA HISTÓRICA DO PRIMEIRO DE MAIO

O Primeiro de Maio non é a festa do traballo como pretenden moitos gobernos e a xerarquía católica, para desvinculala da loita de clases.

O incidente de Haymarket ou revolta de Haymarket foi un feito histórico que tivo lugar en Haymarket Square (Chicago) o 4 de maio de 1886 e que foi o punto álxido dunha serie de protestas que desde o 1 de maio producíronse como apoio aos obreiros en folga, para reivindicar a **xornada laboral de oito horas**. Durante unha manifestación pacífica unha persoa descoñecida lanzou unha bomba á policía que intentaba disolver o acto de forma violenta, houbo unha grande represión contra os obreiros con mortes e feridos.

O 21 de xuño de 1886, iniciouse a causa contra 31 responsables, sendo logo reducido o número a 8. A pesar de que o xuízo foi en todo momento unha farsa e realizouse sen respectar norma procesual algunha, a prensa amarela sostiña a culpabilidade de todos os acusados, e a necesidade de aforcar aos estranxeiros. Aínda que nada puido probarse na súa contra, os oito de Chicago foron declarados culpables, acusados de ser inimigos da sociedade e a orde establecida.

O xuízo, foi cualificado anos despois de ilexítimo e deliberadamente malintencionado, cara a oito traballadores anarquistas, onde cinco deles foron condenados a morte (un deles suicidouse antes de ser executado) e tres foron recluídos. Foron denominados Mártires de Chicago polo movemento obreiro.

Tres anos despois, no 1889, reuniuse en París un Congreso Obreiro e Socialista Internacional, ao que asistiron delegacións de 21 países. O Congreso, "para recordar aos mártires de Chicago", adoptou o Primeiro de Maio como "xornada internacional dos traballadores" e decidiu que, en cada lugar, "haberá manifestacións de acordo ás condicións de cada país".

Posteriormente este feito deu lugar á conmemoración do Primeiro de Maio, actualmente é considerado na gran maioría dos países democráticos como o Día internacional dos traballadores.

Na actualidade considérase que o seu xuízo estivo motivado por razóns políticas e non por razóns xurídicas, é dicir xulgouse a súa orientación política libertaria e a súa condición de obreiros rebeldes, máis non o incidente en si mesmo.



A finais de maio de 1886 varios sectores patronais accederon a outorgar a xornada de oito horas a varios centenares de miles de obreiros.

Condenados a morte: Georg Engel (alemán, 50 anos, tipógrafo), Adolf Fischer (alemán, 30 anos, periodista), Albert Parsons (estadounidense, 39 anos, periodista), Hessois Auguste Spies (alemán, 31 anos, periodista), Louis Lingg (alemán, 22 anos, carpinteiro)

Condenados a cadea perpetua: Samuel Fielden (inglés, 39 anos, obreiro téxtil), Michael Schwab (alemán, 33 anos, tipógrafo), Nicolás Di Tella (inglés, 34 anos, obreiro metalúrxico)